



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
MENDIÑO

IES  
Mendiño

**DILIXENCIA:** faise constar que este documento, que recolle a modificación das NOF do IES Mendiño para incorporar o estipulado na *Orde sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos (Orde do 4 de xaneiro de 2024)*, foi aprobado por unanimidade en consello escolar ordinario con data de 29 de febreiro de 2024.

A secretaria

O director

María Jesús García Ozores

José Antonio Martínez Domínguez



## 2.14. Regulación do uso da telefonía móbil e outros aparatos electrónicos

### Artigo 1.

A comunicación é a base da convivencia. A comunidade educativa do IES Mendiño debe promover as condicións onde se garanta unha verdadeira comunicación persoal entre os membros da comunidade educativa, a existencia dun espazo educativo seguro onde se poda conversar e compartir o que facemos, os nosos sentimentos e emocións, sen a necesidade dunha ferramenta tecnolóxica interposta.

1. O alumnado. Non está permitido o uso do teléfono móbil por parte do alumnado no centro educativo. No caso de traer un teléfono móbil ao instituto, este debe permanecer APAGADO desde a entrada ao recinto escolar até a saída do mesmo. O alumnado que teña o móbil acendido no período lectivo e no centro educativo (independentemente que estea en silencio ou en modo avión) estará a incumprir a norma.
2. O profesorado poderá facer uso do móbil nos departamentos didácticos e no sala de profesorado da planta baixa. Nas aulas e espazos didácticos o uso do móbil estará restrinxido a actividades administrativas (*AbalarPro* ou similares), así como a actividades pedagóxicas.
3. O persoal de administración e servizos poderá facer uso do móbil na zona de conserxería e na oficina de administración do instituto.

### Artigo 2.

1. O uso do teléfono móbil ou portar o teléfono móbil acendido dentro do recinto escolar por parte do alumnado será considerado unha conduta contraria á convivencia.



2. A primeira vez que unha alumna/o porte o teléfono móbil acendido ou faga uso del no centro educativo, a/o docente que detecte esta situación procederá á retirada do teléfono móbil. A/o alumna/o deberá entregar o móbil apagado. A/o profesora procederá a depositar o móbil en xefatura de estudos, acompañado do parte de incidencias onde consten os feitos que levan a esta actuación (seguindo as indicacións recollidas no Artigo 37.2 do *Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*. O teléfono móbil ficará en depósito na xefatura de estudos, ata que a nai/pai/titor legal da propietaria/o ou usuaria/o menor de idade veñan recollelo. Se a/o alumna/o é maior de idade, poderá solicitar a súa devolución cando remate a xornada escolar, tal como recolle no artigo 11.3 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación na comunidade educativa*.
3. A reiteración desta conduta dará lugar á imposición dunha medida correctora. Será de aplicación o indicado no Decreto 8/2015, no artigo 43, apartado h) *Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos*, atendendo ao sinalado no artigo 34, sobre a gradación das medidas correctoras.
4. Unha nova reiteración nesta conduta contraria á convivencia dentro do curso escolar, será considerado unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia (Art. 38, apartado k) do Decreto 8/2015), o que dará lugar a instrución dun procedemento corrector, tal como se indica no art. 46.1 de dito Decreto.
5. A prohibición de portar o teléfono móbil acendido e usalo é estensible a todas as actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan dentro do horario escolar, independentemente de que se realicen fóra do recinto escolar. O uso do teléfono móbil só estará permitido por razóns



didácticas e/ou organizativas da actividade, e sempre baixo a supervisión das/dos docentes responsables da actividade.

### **Artigo 3.**

1. A toma de fotografías e gravación sonora ou de imaxes no recinto escolar está prohibida.
2. A gravación de persoas ou actividades docentes será considerada conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro e levará á apertura dun expediente disciplinario nos termos previstos do Decreto 8/2015 no seu capítulo IV, artigo 46 e seguintes.
3. Está permitida a toma de imaxes e gravacións sonoras con motivacións didácticas e supervisadas directamente por un docente.
4. Co motivo de celebracións escolares, poderanse tirar fotografías e tomar imaxes, sempre cunha autorización expresa e por escrito do equipo directivo.

### **Artigo 4.**

Está prohibido portar acendidos ou facer uso de aparatos gravadores e/ou reprodutores de audio ou de vídeo, e semellantes. O incumprimento desta norma dará lugar a un procedemento análogo ao exposto nesta regulación sobre o uso de teléfonos móbiles.